

ACTA NÚMERO: 30/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 12 de setembro de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 5 de setembro de 2024 (Reunión 29/2024).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente, de acordo cos métodos oficiais de referencia para a Finca Mouriscade (Expte.- 2024042670).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación, por tramitación de urxencia, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lece en familia 2024" (Expte.- 2024053612).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación, por tramitación de urxencia, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lece en familia 2024" (Expte.- 2024053612).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 5 de setembro de 2024 (Reunión 29/2024).***



Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 5 de setembro de 2024 (Reunión 29/2024).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente, de acordo cos métodos oficiais de referencia para a Finca Mouriscade (Expte.- 2024042670).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2024006710 de data 14 de agosto de 2024 aprobouse o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración, instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente de acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC) para a Finca de Mouriscade.

Con data 19/08/2024, publicáronse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión de data 05/09/2024, procedeu á apertura dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentouse a seguinte empresa:

- FOSS IBERIA SAU (C.I.F. A-08912909)

Os valores ofertados pola única empresa licitadora foron os seguintes:

- Importe sen o IVE: 87.044,00 €
- IVE (21 %): 18.279,24 €
- Importe total ofertado: 105.323,24 €

A maiores, xunto coa oferta económica, a empresa licitadora Foss Iberia, S.A.U, remitiu as especificacións técnicas dos analizadores automáticos de obrigado cumprimento e a Mesa de Contratación na reunión do 5/09/2024 acordou darlle traslado da documentación das características técnicas dos analizadores automáticos ofertados pola empresa Foss Iberia, S.A.U, os técnicos do servizo de Medio Ambiente, para que



emitiran o correspondente informe sobre a adecuación dos equipos ás características técnicas requiridas no prego.

Con data 9/09/2024, a Xefa do servizo de Medio Ambiente emite informe favorable respecto das características técnicas ofertadas (CSV: 2DKV92YHVCVAN3U5).

Visto o informe do servizo de Medio Ambiente, a Mesa de Contratación procede coa ponderación dos valores ofertados, correspondentes cos criterios de valoración automática, de conformidade cas fórmulas establecidas nos pregos. A puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

	FOSS IBERIA SAU A-08912909
Prezo ofertado sen IVE	16,42

En base ó anterior, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	FOSS IBERIA SAU A-08912909	16,42

2. Propor ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa FOSS IBERIA SAU (C.I.F.- A-08912909), que alcanzou a maior puntuación 16,42.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través dunha Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>), de conformidade co establecido no artigo 159.4 LCSP:

3. **Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación, por tramitación de urxencia, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia 2024" (Expte.- 2024053612).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 20 de agosto de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, por tramitación de urxencia, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en familia 2024.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 21 de agosto de 2024, aparecendo publicado día 22 de agosto de 2024. Nesta mesma data, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público). Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as seguintes empresas:
 - VIAJES HALCON S.A.U. (CIF: A10005510).
 - NAUTALIA VIAJES, S.L. (CIF: B86049137)

- Empresas excluídas: Ningunha.

4. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación, por tramitación de urxencia, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia 2024" (Expte.-2024053612).*



A Mesa de Contratación, na reunión do 12/09/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada por tramitación de urxencia, convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2024”, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- VIAJES HALCON S.A.U. (CIF: A10005510).
- NAUTALIA VIAJES, S.L. (CIF: B86049137).

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliados mediante fórmulas.

As oferta presentadas polas empresas admitidas son as seguintes:

VIAJES HALCÓN S.A. (CIF:A10005510)

1. Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:			
NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PRECIO UNITARIO POR PRAZA
1	HOTEL CARLOS I SILGAR - SANXENXO	4	90,80 €
2	GRAN TALASO HOTEL SANXENXO	4	90,80 €
3	HOTEL BIENESTAR MOAÑA	4	90,80 €
4	HOTEL ALDA CARRIL	4	90,80 €
5	HOTEL COIA VIGO	4	90,80 €
6	HOTEL PAZO O RIAL VILAGARCIA	4	90,80 €
7	HOTEL NUEVO ASTUR & SPA	3	90,80 €
8	HOTEL RIAS BAJAS PONTEVEDRA	3	90,80 €
9	HOTEL BAHIA BAYONA	3	90,80 €



10	HOTEL SERCOTEL TRES LUCES	3	90,80 €
11	HOTEL ALDA CASTELAO VILAGACIA	3	90,80 €
12	HOTEL REST PONTIÑAS LALIN	3	90,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS TOTAL ESTABLECEMENTOS			90,80 €

*O prezo unitario ofertado para a cada un dos establecementos non pode superar o importe de 94,47 euros.

*Nesta táboa, as empresas licitadoras indicarán POR CADA UN DOS ESTABLECEMENTOS OFERTADOS O CUSTE DA PRAZA DOS MAIORES DE 12 ANOS, sinalando o prezo medio unitario por praza resultante para a totalidade dos establecementos ofertados (media aritmética), sendo comprobado dito importe polo órgano de contratación.

Excluíranse aquelas ofertas nas que unicamente se sinale o prezo medio unitario por praza da totalidade dos establecementos incluídos na oferta sen que se poida verificar o custo da praza de adulto por cada un dos establecementos hoteleiros ofertados por non sinalarse na táboa.

*O prezo unitario das prazas de menores de 3 a 12 anos (ambos inclusive) resultará de aplicar o 50% ao prezo da praza de adulto para cada un dos establecementos hoteleiros ofertados. As prazas dos nenos de 0 a 2 anos serán gratuítas.

2. Agasallo serigrafiado para as familias participantes:
 - Non oferta agasallo serigrafiado.
 - Oferta agasallo serigrafiado.

3. Aumento do número mínimo de establecementos ofertados:
 - Non aumenta o número mínimo de establecementos ofertados.
 - Oferta 9 establecementos.
 - Oferta 10 establecementos.
 - Oferta 11 establecementos ou máis.

4. Oferta de actividades complementarias:
 - Non oferta actividades complementarias.
 - Oferta 1 actividade por establecemento ofertado.
 - Oferta 2 actividades por establecemento ofertado.

*Para a valoración deste criterio, debe de ofertar actividade en TÓDOLOS ESTABLECEMENTOS OFERTADOS. No caso de que non se oferte actividade nalgún deles, valorarase o criterio con 0 puntos.

Nota: A empresa deberá de achegar unha memoria explicativa, xunto co Anexo I, onde detallará o tipo de actividade ofertada en cada establecemento, concretando a descrición,



materiais e horarios de realización previstos. De ser o caso, debe de indicar o perfil profesional do persoal que guiará a actividade. No caso de non achegar esta memoria xustificativa non se valorará o criterio.

5. Concurso de fotografía para as familias participantes:

- Non oferta concurso de fotografía para as familias.
- Oferta concurso de fotografía para as familias.
- Oferta concurso de fotografía para as familias con premio dunha estancia gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.

Nota: A empresa deberá de achegar, xunto co Anexo I, unha memoria explicativa onde describa de forma detallada o desenvolvemento do concurso concretando, como mínimo, os extremos referenciados neste prego. No caso de non achegar esta memoria xustificativa non se valorará o criterio.

NAUTALIA VIAJES, S.L. (CIF: B86049137).

1. Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PRECIO UNITARIO POR PRAZA
1	HOTEL NUEVO ASTUR & SPA	3	91,50 €
2	HOTEL CARLOS I SILGAR	4	91,50 €
3	GRAN TALASO HOTEL SANXENXO	4	91,50 €
4	HOTEL BIENESTAR MOAÑA	4	91,50 €
5	HOTEL RIAS BAJAS	3	91,50 €
6	HOTEL COIA	4	91,50 €
7	HOTEL SERCOTEL TRES LUCES	3	91,50 €
8	HOTEL CASTELAO	3	91,50 €
9	HOTEL BAHIA BAYONA	3	91,50 €



10	HOTEL PEDRAMAR	3	91,50 €
11	HOTEL PONTIÑAS	3	91,50 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS TOTALIDADE DOS ESTABLECEMENTOS			91,50 €

*O prezo unitario ofertado para a cada un dos establecementos non pode superar o importe de 94,47 euros.

*Nesta táboa, as empresas licitadoras indicarán POR CADA UN DOS ESTABLECEMENTOS OFERTADOS O CUSTE DA PRAZA DOS MAIORES DE 12 ANOS, sinalando o prezo medio unitario por praza resultante para a totalidade dos establecementos ofertados (media aritmética), sendo comprobado dito importe polo órgano de contratación.

Excluíranse aquelas ofertas nas que unicamente se sinala o prezo medio unitario por praza da totalidade dos establecementos incluídos na oferta sen que se poida verificar o custo da praza de adulto por cada un dos establecementos hoteleiros ofertados por non sinalarse na táboa.

*O prezo unitario das prazas de menores de 3 a 12 anos (ambos inclusive) resultará de aplicar o 50% ao prezo da praza de adulto para cada un dos establecementos hoteleiros ofertados. As prazas dos nenos de 0 a 2 anos serán gratuítas.

2. Agasallo serigrafiado para as familias participantes:

- Non oferta agasallo serigrafiado.
- Oferta agasallo serigrafiado.

3. Aumento do número mínimo de establecementos ofertados:

- Non aumenta o número mínimo de establecementos ofertados.
- Oferta 9 establecementos.
- Oferta 10 establecementos.
- Oferta 11 establecementos ou máis.

4. Oferta de actividades complementarias:

- Non oferta actividades complementarias.
- Oferta 1 actividade por establecemento ofertado.
- Oferta 2 actividades por establecemento ofertado.

*Para a valoración deste criterio, debe de ofertar actividade en TÓDOLOS ESTABLECEMENTOS OFERTADOS. No caso de que non se oferte actividade nalgún deles, valorarase o criterio con 0 puntos.

Nota: A empresa deberá de achegar unha memoria explicativa, xunto co Anexo I, onde detallará o tipo de actividade ofertada en cada establecemento, concretando a descrición, materiais e horarios de realización previstos. De ser o caso, debe de indicar o perfil profesional do persoal que guiará a actividade. No caso de non achegar esta memoria xustificativa non se valorará o criterio.

5. Concurso de fotografía para as familias participantes:

- Non oferta concurso de fotografía para as familias.



- Oferta concurso de fotografía para as familias.
- Oferta concurso de fotografía para as familias con premio dunha estancia gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.

Nota: A empresa deberá de achegar, xunto co Anexo I, unha memoria explicativa onde describa de forma detallada o desenvolvemento do concurso concretando, como mínimo, os extremos referenciados neste prego. No caso de non achegar esta memoria xustificativa non se valorará o criterio.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar as ofertas dos licitadores en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trece minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

